

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 30 DE XANEIRO DO 2025.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p>
<p>Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE VIDAL PEON XABIER</p>

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Trinta de Xaneiro do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 23/01/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202501/279

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 22/01/2025. DECRETO: "ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DA ACTUACIÓN "REMEMBER QUEEN""

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202501/287

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 22/01/2025. DECRETO: "RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO DECRETO DE ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DA ACTUACIÓN "MONÓLOGO DO ARTISTA LUÍS ÁLVARO""



4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202501/296

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 22/01/2025. DECRETO: "ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO DE MAXIA "EUFORIA" DO ARTISTA DANI POLO"

5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21519 08.11.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de auga para obra e de saneamento, na rúa Francisco Lorenzo Mariño, 48, solicitada por BEATRIZ FERNÁNDEZ GARCÍA, (COMU000533/2022).

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

27157 04.11.2024 VIRGINIA CRESPO OLVEIRA, instalación placas solares de autoconsumo, no lugar Bretal, nº 243, Olveira.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21516 08.11.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de auga para obra, no lugar de Olveira de Arriba, solicitada por Alberto Bargiela Rego (COMU000532/2022).

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19545 11.10.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de auga para a toma de incendios, no polígono Industrial de Xarás, 1, solicitado por VEGO SUPERMERCADOS S.A., (COMU000494/2022).



9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19543 11.10.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de auga para obra sita no lugar de Frións, 44, solicitado por Elisabeth Lorenzo Varela (COMU000493/2022).

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19540 11.10.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de auga para obra sita no lugar de Deán Grande, solicitado por MARIA EULALIA GEMA RODRÍGUEZ PRADA (COMU000492/2022).

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19538 11.10.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de auga para obra, en Caticovas, 4, Palmeira, solicitado por ANA ISABEL SANTIAGO GARCIA, (COMU000491/2022).

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

18284 23.09.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de saneamento para vivenda situada no lugar de Sirves, 29, solicitada por Antonio Mayán Pérez, (COMU000463/2022).

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente,



segundo a seguinte relación:

18283 23.09.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., renovación de acometida de auga para vivenda situada na rúa Francisco Lorenzo Mariño, 51, Aguiño, solicitada por Purificación Regueira Fernández (COMU000462/2022).

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (10)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

257 03.01.2025 MERCEDES RODRÍGUEZ MARIÑO, retirar baño, retirar azulexos, demoler unha parede e retirar accesorios, na rúa Cardenal Cisneros,2-1C, Ribeira.

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (11)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

197 02.01.2025 JOSÉ ANGEL PARADA CADILLO, cambio de fiestras, na rúa Cardenal Cisneros, 2-3A, Ribeira.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (12)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

17243 03.07.2024 JOSÉ MANUEL GARCÍA FIGUEIRAS, reposición de muro, no lugar de Balteiro, 5.

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (13)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

29435 03.12.2024 COMUNIDAD PROPIETARIOS PIEDRAS DE PATIÑO, sate nos alzados medianeiros, na Avda. da Coruña, nº 118, Ribeira.



18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (14)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

362 07.01.2025 ENRIQUE MANUEL BLANCO PARADA, cambio de fiestras, no lugar de Teixoeira, 1-A, Artes.

19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (15)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

342 07.01.2025 ARMANDO TURPO LOZADA, reforma de baño, na rúa Escorial, nº 12-3ºC, Ribeira.

20.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (16)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

23246 17.09.2024 RAQUEL SOTO PÉREZ, muro de peche da finca, no lugar de Bretal, Olveira.
*Asímesmo se lle informa que no informe técnico emitido polo aparelador municipal se sinala que:
"PARA O COMEZO DO MURO LATERAL TERASE EN CONTA QUE A VIA QUE DA O FRENTE E TIPO III – POLO TANTO COMO MINIMO 6 METROS DESDE O EIXO DA ESTRADA"

21.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E BAIXOCUBERTA. LUGAR: LUGAR DE OUTEIRO, Nº 25, CARREIRA RIBEIRA. PROMOTOR: CHRISTIAN RÍO BOUZÓN.

VISTA a solicitude de licenza urbanística para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E BAIXOCUBERTA, no lugar de OUTEIRO, Nº 25, CARREIRA, RIBEIRA da que é promotor CHRISTIAN RÍO BOUZÓN

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal o día 20 de setembro de 2024.

VISTO informe emitido pola enxeñeira municipal o día 4 de outubro de 2024.

VISTA a Resolución do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, co sinatura dixital de día 17 de decembro de 2024.

VISTO o informe emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de data 20 de decembro de 2024 e



VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **23 de decembro de 2024**, **EXAMINADA** a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D. Christian Río Bouzón **LICENZA DE OBRAS (Nº 5/25)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E BAIXOCUBERTA**, sita no lugar de Outeiro nº 25, Carreira, Ribeira, en parcela catastral nº 9297619MH9099N0001XM, nos termos do Proxecto de Demolición visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de maio de 2024 redactado polo arquitecto D. Jose Manuel Gago Domínguez, (col. nº 2.938):

- Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.
- Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 2.251,57 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de Eficiencia Enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do



disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros*



FIRMANTE - FECHA



producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

22.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Antía González Sampedro

Visto o escrito presentado por **Antía González Sampedro**, de data 21/01/2025 (Registro de entrada nº 1.495), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A043005670000KY E, situada en Agro Olveira, Polg. 043, Parc. 00567, Olveira, Ribeira.



Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 27/01/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: GONZALEZ SAMPEDRO ANTIA

NIF: ***857***

02.DATOS DA PARCELA

Localización: AGRO OLVEIRA Pol. 043 Par. 00567– OLVEIRA - RIBEIRA.

Ref. Catastral: 15074A043005670000KY

Plano do PXOM: Planos nº 2.07 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0404 do PBA.

Plano do INVENTARIO: Planos nº 13 do Inventario Municipal de Bens Públicos do Concello de Ribeira aprobado por pleno do 26 de febreiro de 2018.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 21.01.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: 20251495), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Solicitude do interesado.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Plano situación.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.

A parcela para as que solicita información atópanse en un tipo de solo, Solo Rústico con varias categorías (SROR+SRPIF+SRPAG).

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atoparíase: Segun o PBA ten una afección de tendido eléctrico.

Da consulta do POL, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atoparíase: Segun o POL ten unha afección de Corredor Ecoloxico



Da consulta do INVENTARIO, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atoparíase: Segun o inventario o acceso a parcela e a través dunha vía pública nº 24.


A parcela consultada atópase con unha clasificación do Solo.

Consecuencia do sinalado haberá que outorgarlle, a categoría de (SROR+SRPIF+SRPAG). **solo rústico ordinario + solo rústico de protección de Infraestruturas + solo rústico de protección Aguas de Galicia**, recollida no artigo 34.2.d) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.


Os **usos e actividades permitidos**, o **régime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A continuación adxúntase a cartografía de aplicación:

Plano nº 8.38 do PXOM. SÓLO NÚCLEO RURAL.



Plano nº 2.7 do PXOM.



Plano nº 0151A-0404 do PBA.



23.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DAS AULAS DE CRISTÓBAL COLÓN (RIBEIRA) – Programa Integrado de Emprego

Vistos os escritos presentados por Estela Saa Villaverde en representación do **Programa Integrado de Emprego** do Concello de Ribeira, de datas 21 e 30/01/2025 (Rexistros de entrada nº 1.516 e 2.297), nos que solicita a cesión de uso da aula municipal situada na Rúa Cristóbal Colón (Ribeira), co fin de realizar as formacións do P.I.E. nas seguintes datas:

Febreiro 2025: 19, 20, 21, 24, 25, 26, 27 e 28

Marzo 2025: 3, 4, 5, 6, 7, 10, 11 e 12

No caso de non celebrarse o AFD solicitan os días:

Marzo 2025: 14, 17, 18, 19, 20 e 21

Abril 2025: 2 e 3

Maiο 2025: 26, 27, 28, 29 e 30

Xuño 2025: 2, 3, 4, 5, 6, 9, 26, 27 e 30

Xullo 2025: 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10 e 11

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a cesión de uso da aula municipal situada na Rúa Cristóbal Colón (Ribeira), co fin de realizar as formacións do P.I.E. nas seguintes datas:

Febreiro 2025: 19, 20, 21, 24, 25, 26, 27 e 28

Marzo 2025: 3, 4, 5, 6, 7, 10, 11 e 12

No caso de non celebrarse o AFD autorizar os días:

Marzo 2025: 14, 17, 18, 19, 20 e 21

Abril 2025: 2 e 3

Maiο 2025: 26, 27, 28, 29 e 30

Xuño 2025: 2, 3, 4, 5, 6, 9, 26, 27 e 30

Xullo 2025: 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10 e 11

24.- SOLICITUDE CESIÓN DE ESPAZO NO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA (AMPLIACIÓN e DEFINITIVA) – Programa Integrado de Emprego

Vistos os escritos presentados por Estela Saa Villaverde en representación do **Programa Integrado de Emprego** do Concello de Ribeira, de datas 24 e 30/01/2025 (Rexistros de entrada nº 1.848 e 2.297), nos que solicita a cesión de uso da Aula de Cociña do Mercado Municipal de Ribeira (Ampliación e definitiva), co fin de realizar as formacións da especialidade de cociña do P.I.E.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada en data 23/01/2025, na que se lle concede en primeira instancia a cesión de uso da Aula de Cociña situada no 2º andar do Mercado Municipal de Ribeira, co fin de realizar as formacións da especialidade de cociña do P.I.E. nos meses de febreiro e maio de 2025; e con fin de dar unha continuidade ao programa,



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a cesión de uso da Aula de Cociña Mercado Municipal de Ribeira (Ampliación e definitiva), co fin de realizar as formacións da especialidade de cociña do P.I.E. nas seguintes datas:
Febreiro 2025 (2º andar): 3, 4, 10, 11, 17, 18 e 24
Abril 2025 (1º andar): 7, 8, 9, 10, 11, 14, 15, 16, 21, 22, 23, 24, 28, 29 e 30
Maio 2025 (2º andar): 12, 13, 14, 15, 16, 19, 20 e 21

25.- SOLICITUDE CESIÓN DE ESPAZO NO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Asociación Ambar

Visto o escrito presentado por Milagros Rey Pérez en representación da **Asociación Ambar**, de data 24/01/2024 (Rexistro de entrada nº 1.795), no que solicita a cesión de uso dun espazo do Mercado Municipal de Ribeira, así como dos recursos existentes no mesmo, co fin de realizar a formación práctica baseada no certificado de profesionalidade de operación básicas en cociña e pastelería. As datas e horarios serían: Do 01/04/2025 ao 08/05/2025 (Luns a venres, en horario de 09:30 h. a 15:30 h.).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar cesión de uso dun espazo do Mercado Municipal de Ribeira, así como dos recursos existentes no mesmo, co fin de realizar a formación práctica baseada no certificado de profesionalidade de operación básicas en cociña e pastelería.
- As datas e horarios serán as seguintes:
* Do 01/04/2025 ao 08/05/2025 (Luns a venres, en horario de 09:30 h. a 15:30 h.).

26.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Pérez Pouso (PEDRA PATEIRA)

VISTO o escrito presentado por **Manuela Pérez Pouso** en representación establecemento “Pedra Pateira” (Ribeira), de data 22/01/2025 (Rexistro de entrada nº 1.552), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 15/02/2025, en horario de 19:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Manuela Pérez Pouso**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 15/02/2025, en horario de 19:00 h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Pedra Pateira” (Ribeira) (**Manuela Pérez Pouso**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.



TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

27.- ACORDO DE PARTICIPACIÓN NA PROGRAMACIÓN DA REDE CULTURAL 2025

Vista a proposta presentada por **Antía Alberte Maneiro, Concelleira Delegada de Cultura**, de data 16/01/2025, na que solicita a participación na programación da Rede Cultural para o ano 2025 da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 10 do 16 de xaneiro de 2025), e que se transcribe:

“Antía Alberte Maneiro, Concelleira delegada de Cultura do Concello de Ribeira,

EXPOÑO:

Co obxecto de contribuír á difusión e á promoción da lingua, da música, o folclore, o teatro, a danza, o cine e demais manifestacións artísticas e culturais na provincia e garantir unha oferta cultural diversificada e de calidade nos municipios da provincia, a Deputación Provincial da Coruña ven de publicar no Boletín Oficial da Provincia nº 10 de data 16/01/2025 as bases reguladoras e a convocatoria para a participación na programación da Rede Cultural para o ano 2025 establecendo o prazo de inscrición de espectáculos dende o día 17 de xaneiro ás 00:00 horas ata o 6 de febreiro ás 14:00h, así como un prazo de solicitude de actuacións que comprende do 18 de marzo ás 00:00 horas ata o 1 de abril ás 14:00 horas.

Esta convocatoria contén catro programas de difusión cultural:

- **ESCENA AO VIVO**
Programa de espectáculos profesionais de teatro, monicreques, maxia, danza e música.
- **VISIÓNS**
Programa de cinema e contidos audiovisuais.
- **ALICERCE**
Programa de grupos de música, danza e teatro non profesionais.
- **LINGUA A ESCENA**
Programa de espectáculo profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega.

O Concello de Ribeira ten interese en inscribir ao Grupo Municipal de Teatro de Ribeira e á Coral Polifónica Municipal de Ribeira para a súa participación baixo as condicións deste programa, tendo en conta o importe dos cachés que se fixan segundo o criterio de número de integrantes por grupo e as demais condicións recollidas no apartado 3.1-Inscrición de propostas artísticas no programa ALICERCE, que regula o procedemento para a inscrición de espectáculos non profesionais na Rede Cultural.



Así mesmo, o Concello de Ribeira tamén ten interese por participar nesta programación da Rede Cultural mediante a **solicitud e contratación de espectáculos dos distintos programas que se contemplan nesta convocatoria**. Neste senso, e de conformidade coas bases e en concreto cos apartados 1.2.-Contratación de espectáculos, 2.2.-Contratación de propostas audiovisuais, 3.2.-Contratación de espectáculos non profesionais e 4.2.-Contratación de espectáculos de lingua o escena, o Concello de Ribeira podería solicitar no apartado de Escena ao Vivo un mínimo de 6 actuacións, no apartado Visións un máximo de 10 proxeccións das que un mínimo do 50% deben ser produción propia galega, no apartado Alicerce un máximo de 5 funcións e no apartado Lingua á escena un mínimo de 4 espectáculos.

A porcentaxe de cofinanciamento entre a Deputación e os Concellos en todos os programas ven establecida no apartado 5.2, correspondendo aos Concellos de 20.001-50.000 habitantes a seguinte porcentaxe: 60% Concello e 40% Deputación. Por outra banda, o límite máximo da achega orzamentaria da Deputación segundo a tipoloxía de Concello tal e como establece o apartado 5.3 das bases é de 26.000,00 euros.

De acordo co apartado 5.4.- Xustificación e pagamento establécese para os Concellos o seguinte:

- a) Os concellos aboaranlle a totalidade do importe da función a cada un dos grupos que lle fose concedido.
- b) A Deputación aboaralle aos concellos o importe da porcentaxe (base 5.2) de cada unha das funcións, que deberán ser xustificadas de xeito individualizado na plataforma informática habilitada pola Deputación para este efectos.
- c) Para o cobramento de cada unha das funcións, os concellos deberán achegar a seguinte documentación:
 - * Copia do contrato suscrito entre o Concello e o grupo ou empresa ou, se for o caso, copia compulsada da correspondente resolución da Alcaldía, en virtude do disposto nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
 - * Certificación ou informe no que se acredite a realización da función concedida.
 - * No caso de actuacións profesionais, certificación ou informe da comprobación das altas na Seguridade Social das e dos artistas participantes na función concedida.
- d) Logo de que a Deputación aboe a función, o Concello remitiralle á Deputación, no prazo de dous meses, certificado de ter realizado o pagamento e, no caso de non facelo, iniciárase o correspondente expediente de reintegro polo cantidade aboada indebidamente.

A vista de todo o exposto nesta proposta e de conformidade coas bases desta convocatoria e que figuran no expediente, **SOLICÍTASE á Xunta de Goberno Local**:

- Acordo para participar no programa Rede Cultural 2025 da Deputación Provincial da Coruña:
 - a) Inscripción dos espectáculos do Grupo Municipal de Teatro e Coral Polifónica Municipal de Ribeira.
 - b) Solicitud de espectáculos nos apartados contemplados nas bases reguladoras."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación á participación na programación da Rede Cultural para o ano 2025 da Deputación Provincial da Coruña:

- a) Inscripción dos espectáculos do Grupo Municipal de Teatro e Coral Polifónica Municipal de Ribeira.
- b) Solicitar espectáculos dos apartados contemplados nas bases reguladoras.



28.- CONVOCATORIA CONCURSO DISFRACES ENTROIDO 2025

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 27/01/2025, relativa á aprobación da convocatoria e bases para a concesión de premios do Concurso de Disfraces - Entroido 2025.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 27/01/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a Convocatoria e Bases dos Concursos de Disfraces do Entroido 2025, así como autorización para a celebración dos mesmos.
- **Habilitar e autorizar o gasto** correspondente con cargo á partida da área de Cultura por un importe total de 2.500,00 € que serán repartidos como segue:
 - ✓ 500,00 € en vales na modalidade infantil.
 - ✓ 2.000,00 € en premios económicos na modalidade de adultos.

29.- SOLICITUDE PRAZAS (2) DE ESTACIONAMENTO PARA MOTOCICLETAS E CICLOMOTORES – Juan Carlos Vidal Romero

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Juan Carlos Vidal Romero**, de data 17/10/2024 (Rexistro de entrada nº 25.951), no que solicita a habilitación de prazas de estacionamento para motocicletas e ciclomotores na Rúa do Toxo (Ribeira); así como o informe emitido en sentido favorable pola Policía Local, de data 22/01/2025, pendente dun maior estudo.

30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Tania Redondo Fernández (BAR BALDOMERO)

VISTO o escrito presentado por **Tania Redondo Fernández** en representación establecemento “Bar Baldomero” (Palmeira), de data 27/01/2025 (Rexistro de entrada nº 1.991), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Baldomero” (Palmeira), o día 01/02/2025, en horario de tarde.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Tania Redondo Fernández, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Baldomero” (Palmeira), o día 01/02/2025, en horario de tarde.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Baldomero” (Palmeira) (Tania Redondo Fernández), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.



TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Intendente da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*



- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

31.- SOLICITUDE CESIÓN DE ESPAZO NO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro 2014-2020

Visto o escrito presentado por Miguel Ángel Iglesias Romero en representación do **Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro 2014-2020**, de data 29/01/2024 (Rexistro de entrada nº 2.140), no que solicita a cesión de uso da sala con cociña do Mercado Municipal de Ribeira, con fin de realizar un obradoiro de cociña sinxela, o día 08/05/2025 en horario de 09:00 h. a 14:00 h., para a posta en valor do produto do mar e das rías galegas; programa que inclúe visita á lonxa e a supermercados Vegalsa-Eroski.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a cesión de uso da sala con cociña do Mercado Municipal de Ribeira, con fin de realizar un obradoiro de cociña sinxela, o día 08/05/2025 en horario de 09:00 h. a 14:00 h., para a posta en valor do produto do mar e das rías galegas

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:20 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

